

CURSO OFICIAL

DIRECTOR/A DE TIEMPO LIBRE

Titulación Oficial Xunta de Galicia

EDICIÓN INTENSIVA MAÑANAS

150 HORAS TEÓRICAS / 150 HORAS PRÁCTICAS

FECHAS FASE TEÓRICA

Del 22 de octubre a 5 de diciembre

LUGAR DE REALIZACIÓN

Escuela Oficial de Tiempo Libre Xirxilar

HORARIO:

Lunes a Viernes de 9:00 a 14:00

INFORMACIÓN

Escuela de Tiempo Libre XIRXILAR
Plaza Mestre Luis Fernández, nº 1 bajo
32001 Ourense
988 22 33 77 / 638 581 726
www.xirxilar.com

250 €*


*Consulta descuentos



* 15% descuento matrícula dos personas

** Plazo de matrícula aberto hasta cubrir plazas por orden de inscripción





DIRECTOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

1. OBXECTIVOS:

OBXECTIVO XERAL:

- Adquirir a formación necesaria para a coordinación dun equipo de monitores e especialistas para a organización de actividades de animación socio-cultural e recreativas, xa sexan de tempo libre urbano ou de natureza.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Coñecer o papel do director de tempo libre como axente dinamizador de procesos grupais.
- Adquirir coñecementos, recursos e técnicas básicas de organización, deseño e xestión de actividades.
- Capacitarse para coordinar actividades específicas dentro dun programa de tempo libre.

2. DESENVOLVEMENTO FORMATIVO DO CURSO:

A duración do curso de Monitor de actividades de tempo libre, conforme a normativa vixente, será de 150 horas de formación teórico práctica e 150 horas prácticas.

A fase teórica desenvolverá os seguintes contidos:

A. ÁREA DE PSICOSOCIOLOXÍA (40 HORAS)

Obxectivos:

- Coñecer as claves metodolóxicas e técnicas para a elaboración de proxectos educativos.
- Adquirir os coñecementos derivados do estudo do entorno na súa dimensión social, sociolóxica, política e cultural.
- Comprender as bases da psicoloxía aplicable o comportamento humano con especial énfase na infancia e xuventude.

Contidos:

- 1) Dirección de equipos e liderado.
 - a) O perfil do director de actividades de tempo libre.
 - b) A dirección dun equipo de traballo

- O director como líder: distintos modelos de dirección
 - A dinámica do liderado. Desenvolvemento de xuntanzas de equipo.
- c) O equipo como base da intervención. Animación e dinámica dos equipos.
- Estrutura, evolución e roles.
 - Elementos estruturais dos equipos, obxectivos, cohesión, normas.
 - Dificultades e conflitos. Estratexias de resolución
- d) A comunicación interpersonal
- 2) Análise de realidades sociais
- a) Técnicas básicas de intervención social.
- b) Fundamentos sociolóxicos do ocio e o tempo libre.
- c) Os ámbitos de intervención
- Medio rural e urbano
 - Infancia, mocidade, adultos, vellez
 - Sectores sociais: muller, marxinados, desempregados.
 - Intervención en espazos concretos: concellos, barrios, parroquias, institucións públicas, entidades privadas e/ou asociacións.
- d) Asociacionismo e participación na sociedade civil. O papel do voluntariado e do profesional.

B. ÁREA DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA (25 HORAS)

Obxectivo:

- Coñecer as claves metodolóxicas e técnicas para a elaboración de proxectos educativos.

Contidos:

- 1) As correntes pedagóxicas e a súa influencia na pedagogía do tempo libre.
- 2) A pedagogía do ocio. O concepto de tempo libre
- 3) Educación en valores: o ideario educativo
- 4) Metodoloxía e modelos de intervención en actividades de tempo libre: actividade, participación, convivencia.
- 5) Asociación como espazo educativo

C. ÁREA DE XESTIÓN (85 HORAS)

Obxectivos:

- Aprender a planificar actividades de tempo libre e coordinar un equipo de monitores para a súa organización.
- Adquirir os coñecementos derivados do estudo do entorno na súa dimensión social, sociolóxica, política e cultural.

Contidos:

- 1) Planificación e deseño de proxectos de intervención. Elementos básicos
 - a) Análise da realidade. Avaliación inicial.
 - b) Obxectivos e prioridades
 - c) Actividades e estratexias de acción
 - d) Temporalización: planings e cronogramas
 - e) Recursos humanos e materiais.
 - f) Orzamentos
 - g) Avaliación e seguimento
- 2) Estratexias de xestión
- 3) Organización e modelos organizativos
- 4) Administración, xerencia e xestión económica
 - a) Plan contable.
 - b) IVE e outros impostos
 - c) Captación de recursos. O patrocinio, subvencións e convenios.
 - d) Confección de orzamentos
 - e) Xerencia
 - f) Intendencia
- 5) Lexislación
 - a) Lexislación sobre asociacionismo
 - b) As personalidades físicas e xurídicas
 - c) Estruturas supraasociativas
 - d) Lexislación relativa ás actividades de tempo libre
 - Responsabilidade civil e penal.
 - Normas sanitarias, permisos
 - Seguros de responsabilidade
 - e) Políticas e recursos institucionais

- Infancia e xuventude
- Vellez
- Muller
- Minusválidos
- Marxinación social
- Cooperación internacional

FASE PRÁCTICA

As prácticas terán unha duración de 150 horas e responderán a un proxecto de dirección dun equipo de monitores nunha actividade xestionada polo director nas súas fases de infraestrutura, organización, execución e avaliación, dirixida a uns destinatarios concretos.

Constará dun mínimo de 14 días de dirección dunha actividade de tempo libre, que se realizará en campamentos, colonias ou albergues cun mínimo de 50 participantes, ou en campos de traballo cun mínimo de 20 participantes, en bloques non inferiores a 3 días, ou de 150 horas de actividade periódica nunha entidade ou asociación que traballe no eido da educación no tempo libre.

3. REQUISITOS

Para poder matricularse neste curso requírese:

- a) Estar en posesión do título de monitor de actividades de tempo libre.
- b) Posuír, polo menos, un título de ensino secundario.
- c) Acreditar unha experiencia de traballo como monitor no campo da educación/animación no tempo libre de, alomenos, 250 horas ou como integrante do equipo de animación en colonias ou campamentos por un total de 30 días, despois da obtención do título de monitor.

4. TEMPORALIZACIÓN

O curso desenvolverase do 22 de outubro o 5 de decembro de 2018

Horario: 9:00 a 14:00.

Non serán lectivos os días 2 e 12 de novembro.